

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000047.

Excm. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **mércores, día 20 de novembro de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

1. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO DE SEGUROS. EXPTE. REF. 2023/C003/000030. 1ª PRORROGA.
2. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS FUNERARIOS PARA O ENTERRAMENTO DE PERSOAS SEN RECURSOS. Exp ref: 2020-C003-000013. PRÓRROGA DENDE O 22.12.2024 ATA O 21.12.2025.
3. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTEMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. EXP. REF. 2024-C004-000021 ADXUDICACIÓN.

FOMENTO

4. APROBACIÓN DO ANEXO II CONFORME AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS A MELLORAR A COBERTURA DE COMUNICACIÓNS MÓBILES NO RURAL DE GALICIA, COFINANCIADAS PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5228395042766955714.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-11-2024

DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

5. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E O CLUB DEPORTIVO FREE DOJO, PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO “DOJO ARENA FERIA NACIONAL DE CONTACTO Y ARTES MARCIALES”.

PERSOAL

6. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 12 PRAZAS DE BOMBEIROS/AS CONDUTORES/AS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (2 PRAZAS PERTENCENTES Á OEP 2021, 4 PRAZAS PERTENCENTES Á OEP 2022, 4 PRAZAS PERTENCENTES Á OEP 2023 E 2 PRAZAS PERTENCENTES Á OEP 2024).

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DEPORTES

7. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO GASTO PARA BOLSAS DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO-EXERCICIO 2024.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,